

NOTA DA VIGAIRÍA DE PASTORAL SOBRE MODIFICACIÓNS NAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN (10-11-2020)

MODIFICACIÓN DA CAPACIDADE MÁXIMA

Desde hoxe, e en virtude do decreto de presidencia 181/2020 de 9 de novembro de 2020, queda modificada a capacidade máxima nos lugares de cultos.

Así, nas parroquias dos concellos de:

Gondomar, Mos, Nigrán, Pontearreas, Pontecaldelas, Porriño, Redondela, Tui e Vigo:

- A asistencia a lugares de culto **non poderá superar 1/3** da súa capacidade.

No resto de concellos:

- A asistencia **non poderá superar o 50%**.
- A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible.
- Non se poderá utilizar o exterior dos edificios para a celebración de actos de culto. E ademais débense ordenar e controlar as entradas e saídas para evitar aglomeracións.
- Tamén hai que seguir mantendo as mesmas medidas que ata agora estaban en vigor relativas á distancia de seguridade (1,5m.), ao uso obrigatorio da máscara, á limpeza das mans con xel hidroalcohólico e á desinfección do espazo despois de cada uso.

AS OUTRAS MEDIDAS QUEDAN COMO SEGUE:

- **Mobilidade**
Non hai cambios respecto a norma do día 4 de novembro.
- **Cerimonias relixiosas de carácter social (vodas, funerais, bautizos...)**
A mesma capacidade que os lugares de culto.
- **Enterros e velorios**
No cemiterio un máximo de 25 persoas, entre familiares e achegados. No velorio un límite máximo de 10 persoas en espazos pechados.
- **Festas e verbenas**
Están suspendidas.
- **Conferencias, encontros, reunións, congresos e actos similares**
Non hai cambios respecto a norma do día 4 de novembro.
- **Catequese nos concellos citados:**
Non hai cambio sobre no que respecta á catequese nas aulas (non é posible).
Se a catequese se fai na igrexa parroquial o límite de persoas será o será 1/3 da capacidade máxima do templo.
- **Catequese nos outros concellos da Diocese:**
Como se viña facendo seguindo as normas publicadas o día 22 de outubro.